



O Colexio de Biólogos Sinala como especies ameazadas o corvo mariño cristado, a pardela balear, o sisón, o alcavarán, a avefría e a aguija real. Por outro lado, os biólogos manifestaron que se seguen a rozar e reforestar sen control áreas de mato que albergan efectivos reprodutores de tartarañas.

Galicia, un país hostil coas aves

[Natureza] O Colexio de Biólogos advirte de que Galicia é un país "subdesenvolvido" na conservación da natureza. Pide "responsabilidade, intelixencia e sentido común" á Administración, políticos, sindicatos e entidades agrarias e ecoloxistas

Santiago | Con motivo da celebración do Día Mundial das Aves Silvestres, o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (Cobga) vén de manifestar a súa preocupación ante o deficiente estado de conservación de numerosas especies de aves ameazadas en Galicia. Así mesmo, o Colexio lamentou a continua falta de sensibilidade da Administración galega, sexa da cor política que sexa, para solventar os problemas reais e concretos de conservación que está a sufrir a biodiversidade galega, e atender ao mesmo tempo aos intereses razoables da poboación afectada, ofrecéndolle e explicándolle as alternativas existentes. Na actualidade, Galicia é

un "país subdesenvolvido en materia de conservación da natureza", segundo advirte o Colexio profesional.

Responsabilidade | O Cobga pediu aos cargos políticos locais e da Administración, representantes sindicais e de entidades agrarias e ecoloxistas implicados neste tema "responsabilidade, intelixencia e sentido común, que leven á unha solución satisfactoria a todos os niveis"; á vista dalgunhas declaracións recollidas na prensa escrita que rozan o absurdo e fundamentalmente motivadas por unha carencia extrema no manexo de información real e obxectiva. O Cobga quixo lembrarlle á Administración, e por citar só algúns exemplos, que foi incapaz, cando era posible, de evitar a desaparición de poboacións reproductoras viáveis de arao e de pita de monte, na actualidade ecoloxicamente extintas. Que o corvo mariño cristado segue a sufrir elevadas taxas de mortalidade en trasmallos ("redes"), que están poñendo en serio perigo a conservación de importantes colonias de reprodución. Que se segue sen afrontar a conservación da pardela balear, en-

demismo español e en perigo de extinción en todo o mundo, cando Galicia alberga importantes concentracións estivais costeiras. Que a Terra Chá segue sen contar con protección efectiva ningunha, pese a contar con poboacións moi significativas de tres especies de aves catalogadas como en perigo de extinción en Galicia: o sisón, o alcavarán e a avefría. Que a cons-

trucción de parques eólicos e o uso de veneno ameaza ás escasas parellas de aguija real que se reproducen no país.

Por outro lado, os biólogos manifestaron que se seguen a rozar e reforestar sen control áreas de mato que albergan efectivos reprodutores de tartarañas, tamén catalogadas, fóra e dentro de espazos da rede Natura 2000, por exemplo nas Brañas de Xestoso, na Terra Chá ou na Limia. Que o hábitat de reprodución da becacina, tamén catalogada, segue sen estar oficialmente protexido, e vese sometido a graves alteracións hídricas. ■

Preocupación polo futuro da zona de aves da comarca da Limia

■ O Cobga manifestou a súa perplexidade ante a grave situación á que se está a chegar en relación á declaración da comarca da Limia como ZEPa (zona de especial protección para as aves), ante o que se interpreta como unha enorme falta de compromiso de moitos altos cargos, coa conservación do patrimonio natural de todos os galegos. Esta falta de compromiso —engade— chega ao punto de enfrontar a conservación das aves e da biodiversidade en xeral cos intereses da poboación limiá; nun asunto que leva anos sobre a mesa, cando existen mecanismos máis que suficientes para compatibilizar unha actividade agrogandeira digna (con financiamento europeo específico como en moitas rexións agrícolas de España e Europa) coa conservación das aves, sendo ambas esixencias demandadas pola sociedade.

¿Catálogos? O Cobga quixo lembrarlle á Administración que a conservación non se fai elaborando catálogos nin debuxando liñas de espazos protexidos no papel desde o despacho, senón que a conservación se debería facer na terra e coa xente, identificando e solucionando

problemas

reais de con-

servación; e

por que

existe o de-

seño real de

conservar o

patrimonio

natural gale-

go, non só

porque sexa

unha obriga

que ven

desde Eu-

ropa. O Colexio

sUBLIHOU que,

de non acadarse

esta situación

de desexo real

de conservación

do patrimonio

natural e de

aposta por un

traballo técnico

e político

profesional e

rigoroso, o

deterioro do

estado de con-

servación

xeral das

aves de

Galicia, e en

particular o

das especies

ameazadas,

continuará

sen freo

ata chegar á

última

categoría

dos libros

vermellos: especie

extinta.

Os biólogos

declararon que

o pasado

día sete

debeu ser de

celebración

339 mostraxes de especies nun estudo feito en 2005

339 mostraxes de especies nun estudo feito en 2005

Hai dous anos ás mostraxes de aves silvestres o cumprimento de obxectivos por parte de Medio Rural foi aínda máis notorio, dado que se trata do grupo de maior risco de contacto con especies migratorias. Neste caso, a distribución asignada no Plan de vixilancia para Galicia era a seguinte: 70% de aves acuáticas, 20% de aves mariñas e un 10% doutro tipo de especies ata formar un total de 272 animais a analizar. Neste

caso, o dispositivo despregado polo goberno galego permitiu duplicar practicamente esta previsión cun total de 514 analíticas realizadas, que tamén deron resultados negativos. En canto ás aves acuáticas incidíuse especialmente no grupo pertencente á familia das anátidas (ánades, patos ou ánsares) e das limícolas (cegoñas, flamencos, garzas...). En total, en todo o territorio galego leváronse a cabo 339 mostraxes de especies.

Aves rapaces

Respecto ás aves mariñas priorizáronse as mostraxes en gaivotas, álcidos, pagazas, cormoráns, alcátraces ou pardelas. No apartado dedicado a outras especies a mostraxe incluíronse as analíticas en aves rapaces.